




(DOG 13/11/2023)
PRAZO de 14/11/2023
ao 4/12/2023

AUTONÓMICO

SINDICATO
DO
ENSINO
PÚBLICO

A chalkboard with a wooden frame is placed on railway tracks. A black suitcase is on the ground next to the tracks. The background shows a landscape with trees and a clear sky.

Concurso de
traslados
2023/2024

BAREMO DEFINITIVO PARA O CONCURSO DE TRASLADOS 2023/2024

1. - ANTIGÜIDADE

1.1. ANTIGÜIDADE NO CENTRO

1.1.1 Por cada ano de permanencia ininterrumpida como persoal funcionario con destino definitivo, no centro dende o que concursa:

- 1 e 2º ano 2 pto
- 3º ano 4 pto
- 4º e seguintes 6 pto

1.1.2. Tempo de provisionalidade:
Por cada ano como funcionario de carreira en situación de provisional: 2 pto.
** O persoal funcionario de carreira que participe dende o seu primeiro destino definitivo suma esta puntuación á do apartado 1.1.1

1.1.3. Postos de difícil desempeño:
Por cada ano como persoal funcionario en praza: 2 pto.

** Non se computará o tempo de permanencia fóra do centro en situación de servizos especiais, con licenzas por estudos ou en supostos análogos.

1.2. - ANTIGÜIDADE NO CORPO

1.2.1. Anos de servizo como funcionario
Por cada ano 2 pto

1.2.2. Ano de servizo noutros corpos aos que se refire a LOE, mesmo ou superior subgrupo:
Por cada ano 1.5 pto

1.2.3. Ano de servizo noutros corpos aos que se refire a LOE, subgrupo inferior:
Por cada ano 0.75 pto

Antigüidade nos corpos de catedráticos de ensino secundario, EOI e de artes plásticas e deseño.

Nos supostos contemplados neste apartado 1, ao persoal funcionario destes corpos, para os efectos de antigüidade tanto no centro como no corpo, valoraráselles os servizos prestados como persoal funcionario de carreira dos correspondentes corpos de profesores, así como os prestados como persoal funcionario de carreira dos antigos corpos de Catedráticos de Bacharelato, de Escolas de Idiomas e de Profesores de Escolas de Artes aplicadas e Oficinas Artísticas.

2. - PERTENZA AOS CORPOS CATEDRÁTICOS 5 Ptos

3. - MÉRITOS ACADÉMICOS (máximo 10 puntos)

- 3.1. - Doutorados, postgraus e premios
- 3.1.1. Título de Doutor 5 pto
 - 3.1.2. Máster 3 pto
 - 3.1.3. DEA /Suficiencia investigadora 2 pto
 - 3.1.4. Premio extraordinario: Doutoramento, licenciatura, grao ou titulacións outorgados dos CMUS Superiores 1 pto
- 3.2. - Outras titulacións Universitarias
- 3.2.1. Título de Grao 5 pto
 - 3.2.2. Titulacións de Primeiro Ciclo 3 pto
 - 3.2.3. Titulacións de Segundo Ciclo 3 pto

- 3.3. - Titulacións de ensinanzas de Réxime Especial e da FP Específica:
- a) Por cada Certificación de nivel C2 4 pto
 - b) Por cada Certificación de nivel C1 3 pto
 - c) Por cada Certificación de nivel B2 2 pto
 - d) Por cada Certificación de nivel B1 1 pto
 - e) Por cada título de Téc. Sup. de Artes Plásticas e Deseño, Téc. Deportivo Sup. ou Téc. Sup. de FP ou análogas 2 pto
 - f) Por cada título Prof. de CMUS/Danza 1.5 pto

- Só se terán en conta títulos con validez oficial no Estado español.
- En ningún caso se valorará o primeiro título esixido para o acceso á docencia.
- O título de **Máster** ten que ser distinto do requerido para o ingreso na función pública cunha duración mínima de 60 créditos.
- O mérito de suficiencia investigadora/DEA non se valorará cando se alegue o título de Doutor.
- Nas titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional só se valorará a de nivel superior que se presente.
- O título de **Máster** que de acceso o doutorado non puntúa.

4. - DESEMPEÑO DE CARGOS DIRECTIVOS E OUTRAS FUNCIÓNS (máximo 20 puntos)

- 4.1. Director de Centro Público :
Por cada ano 4 pto
- 4.2. Vicedirector, Subdirector, Xefe de Estudios, Secretario e asimilados:
Por cada ano 2.5 pto
- 4.3. Outras funcións docentes: cargos de coordinación, función titorial e figuras análogas a partir da entrada en vigor de LOE (maio de 2006) (ata 5 puntos)
Por cada ano 1 pto

5. - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO (máximo 10 pts)

- 5.1. Actividades de Formación (ata 6 pts.)
Estas actividades terán por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades correspondentes ao corpo ao que pertenza ou ás prazas ou postos aos que opte.
Por cada 10 h ou crédito 0.1 pto
- 5.2. Pola impartición de actividades de formación e perfeccionamento (ata 3 puntos):
Por cada 3 h 0,1 pto
- 5.3. Por cada nova especialidade distinta á de ingreso: (procedemento de adquisición de novas especialidades . . . 1 pto

6. -OUTROS MÉRITOS (máximo 15 pts.)

6.1. Publicacións de carácter didáctico e científicoAta 8 pts		
a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):	
Autor → ata 1 pto	4 Autores→ ata 0,3 pto	Autor → ata 0,2 pto
Coautor → ata 0,5 pto	5 Autores→ ata 0,2 pto	Coautor → ata 0,1 pto
3 Autores → ata 0,4 pto	Más de 5 autores→ ata 0,1 pto	3/+ Autores → ata 0,05 pto
6.2. Por premios en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación, ou pola participación nestes proxectos (puntuarase con 0,15 pts. cada certificado de formación/participación en plans ou proxectos/grupos de traballo, etc., sempre que conste que son de innovación educativa Ata 2,5 pts.		
6.3.Méritos artísticos e literarios Ata 2,5 pts - Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional;composicións estre- adas como autor ou grabacións con depósito legal;concertos como director, solista, solista na orquesta ou en agrupacións;camerís- ticas (dúos, tríos, cuartetos...) ou por exposicións individuais ou colectivas.		
6.4.Por cada ano de servizo desempeñando postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa1,5 puntos		
6.5.Por cada convocatoria na que se participara efectivamente como membro dos tribunais dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes aos que se refire a LOE (a partir da entrada en vigor do RD 276/2007 do 23 de febreiro. BOE do 2 de marzo)..... 0,50 puntos		
6.6.Por cada ano de titorización das prácticas do título universitario oficial de Máster e títulos de grao0,1 punto		

CONCURSO DE TRASLADOS 2023/2024

Este concurso de traslados é de ámbito AUTONÓMICO.

NOTAS DE INTERESE

- Todo/a funcionario/a de carreira que queira solicitar comisións de servizos por conciliación ou saúde ten que participar no CXT e non renunciar (é un dos requisitos para a concesión deste tipo de comisións de servizos).
- Os participantes deberán presentar **POR SEDE ELECTRÓNICA EXCLUSIVAMENTE** a instancia de participación. O feito de cubrir a instancia por internet non exime da súa presentación na sede electrónica.
- Pódese **RENUNCIAR SÓ** á resolución provisional, para os que participen de forma **voluntaria, obteñan ou non destino**. Non se pode renunciar á resolución definitiva do concurso.
- Os mestres especialistas de PT poden concursar a prazas **nos IES e nos CPIs**.
- Hai **dereito preferente** a centro pola adquisición de novas especialidades, agás para o Corpo de Mestres.
- A puntuación dos centros de especial dificultade será consumida unha vez obtido destino.
- O **profesorado desprazado** por falta de horario, non terá a obriga de participar si no seu centro hai un profesor/a da mesma especialidade, nado/a antes do 31/08/60.
- Dereito a concorrencia para todos os corpos.
- Para acceder a **prazas de centros plurilingües deberá acreditar o nivel de coñecemento B2 do idioma**.
- Os **méritos alegados** polas persoas participantes teñen que estar cumpridos ou recoñecidos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.
- As prazas bilingües non se adxudican de oficio o mesmo que as itinerantes.

- **No título que figuran os créditos: 1 crédito 10 horas.**
- **Titulacións de primeiro ciclo:** Non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación.
- Non se baremará polo subapartado 3.1.2 ningún título de **Máster** esixido para ingreso na función pública docente.
- Aos títulos obtidos no estranxeiro ou expedidos por institucións docentes doutros países, deberá anexarse ademais a correspondente homologación.
- As actividades de formación serán válidas se son homologadas ou se son organizadas (non colaboracións) polas universidades. Deben incluír sinatura rector ou vicerrector universidade.
- Nas actividades superadas súmanse as horas, restos de menos de 10 horas non puntúan.
- Nos impartidos non puntúan restos inferiores a 3 horas.
- Os nomeamentos de cargos directivos teñen que estar asinados polo Delegado/a de Educación ou Xefe/a da Xefatura Territorial.-
- O ciclo elemental dos EOI equivale ao nivel intermedio e ao nivel B1 do MCER.
- O ciclo superior dos EOI equivale ao nivel avanzado e ao nivel B2 do MCER.
- **Apart. 4.3: Como xa conseguira ANPE, puntuaranse:**
Coordinador /a proxecto abalar, Centro Plurilingüe, sección

bilingüe, auxiliares de conversa asesor/a Siega e asesor/a da Consellería., e responsables de dinamizacións das TIC., de biblioteca, de convivencia escolar, da mellora de calidade educativa e de prog. internacionais.

- **Vacantes:** Ademais das previstas no momento da convocatoria, as que se produzan por xubilación forzosa (70 anos) no curso 23/24 e as que se produzan ata o 31 de decembro de 2023 pola causa que sexa e as que resulten da resolución de concurso.
 - Ofertaranse vacantes itinerantes PT yAL.
 - Ofertaranse vacantes itinerantes nos CRAs, excepto de infantil e primaria.
 - Nas peticións por localidade non se inclúe CRAs. Débese facer petición diferenciada.
 - Incluíranse tamén as vacantes existentes nas extensións das EOI e vacantes de Formación Profesional básica nos CIFP.
- “Os novos méritos que non figuren no expediente electrónico deben alegarse desde a aplicación do CXT en Datos persoais creando unha instancia e enviarase directamente pola sede electrónica. Os méritos que figuren no expediente electrónico pero non estén correctamente baremados deberán alegarse no prazo de reclamacións e/ou renuncias. Non se permite documentación coa solicitude do CXT.”

NOVIDADE

“Corresponde a esta convocatoria regular como participará no concurso de traslados o profesorado pertencente ao corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.

Esta participación no concurso de traslados deberá realizarse conxuntamente co profesorado do corpo de profesores de ensino secundario ou do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, segundo da especialidade ou especialidades das que se sexa titular.

Polo tanto, as prazas corresponderán ao corpo no que se integraron as especialidades, de acordo co establecido na disposición adicional quinta da Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, e as mesmas poderán participar o persoal funcionario de carreira e, se é o caso, o persoal funcionario en prácticas dos seguintes corpos:

ANPE GALICIA

Centro de Negocios Compostela Norte
Rúa Xosé Chao Rego, 8 - baixo
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 55 23 93
galicia@anpe.es santiago@anpe.es

ANPE CORUÑA

C/. Fernando Macías, 10-1º A3
15004 A Coruña
981 27 19 15 - 651 866 058
acoruna@anpe.es

Sede SANTIAGO

Centro de Negocios Compostela Norte
Rúa Xosé Chao Rego, 8 - baixo
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
981 55 23 93 - santiago@anpe.es

Prazas do corpo de profesores de ensino secundario:

- *Corpo de profesores de ensino secundario.*
- *Corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.*

Prazas do corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.

- *Corpo de profesores de ensino secundario.*
- *Corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional.*
- *Corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional.*

As resultas que se produzan na resolución do concurso ofertaranse no corpo no que está integrado a especialidade con independencia do corpo ao que pertenza a persoa funcionaria que a xera.”

ANPE LUGO

San Roque, 94-98, Entpla. izq.
27002 Lugo
982 22 79 12
lugo@anpe.es

ANPE OURENSE

Progreso, 83 - 1º D - 32004 Ourense
988 25 58 52
ourense@anpe.es

ANPE PONTEVEDRA-VIGO

C/. República Argentina, 10 - Entlo. Oficina 3
36201 Vigo (Pontevedra)
986 43 70 43
pontevedra@anpe.es

www.anpegalicia.es

Síguenos en:

ANPE GALICIA

